

UNIVERSIDADE DA CORUÑA

Resolución do 20 de maio de 2010 pola que se corríxen os erros advertidos na Resolución do 22 de xaneiro de 2009, pola que se fai pública a relación de postos de traballo de persoal funcionario de administración e servizos da Universidade da Coruña.

Advertidos erros no anexo da Resolución do 22 de xaneiro de 2009 (DOG nº 33, do 17 de febreiro), da

Universidade da Coruña, pola que se fai pública a relación de postos de traballo de persoal funcionario de administración e servizos desta universidade, esta reitoría, ao abeiro do previsto no artigo 105.2º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, procede á rectificación nos termos que se indican no anexo que se xunta.

A Coruña, 20 de maio de 2010.

José Mª Barja Pérez
Reitor da Universidade da Coruña

ANEXO

Onde di:

Nº posto 2008	Nº posto 2005	Posto	Denominación	Vac.	Nivel	Comp. específico mensual	Tipo	Prov.	Grupo	Corpo/escala	Titulación académica	Quenda	Campus	Form. espec.	Observacións
270	471	Bibliotecario			21	471,61 €	N	C	A1, A2	Facultativo/axudante		T	C		

Debe dicir:

Nº posto 2008	Nº posto 2005	Posto	Denominación	Vac.	Nivel	Comp. específico mensual	Tipo	Prov.	Grupo	Corpo/escala	Titulación académica	Quenda	Campus	Form. espec.	Observacións
270	471	Bibliotecario			21	471,61 €	N	C	A1, A2	Facultativo/axudante		T	C		Ocupada por persoal laboral fixo a extinguir

Onde di:

Nº posto 2008	Nº posto 2005	Posto	Denominación	Vac.	Nivel	Comp. específico mensual	Tipo	Prov.	Grupo	Corpo/escala	Titulación académica	Quenda	Campus	Form. espec.	Observacións
290	501	Xefe de negociado			21	471,61 €	S	C	A2, C1				C		

Debe dicir:

Nº posto 2008	Nº posto 2005	Posto	Denominación	Vac.	Nivel	Comp. específico mensual	Tipo	Prov.	Grupo	Corpo/escala	Titulación académica	Quenda	Campus	Form. espec.	Observacións
290	501	Xefe de negociado	Asuntos económicos		21	471,61 €	S	C	A2, C1				C		

Onde di:

Nº posto 2008	Nº posto 2005	Posto	Denominación	Vac.	Nivel	Comp. específico mensual	Tipo	Prov.	Grupo	Corpo/escala	Titulación académica	Quenda	Campus	Form. espec.	Observacións
337	564	Administrador			25	736,73 €	S	C	A1, A2, C1				F		

Debe dicir:

Nº posto 2008	Nº posto 2005	Posto	Denominación	Vac.	Nivel	Comp. específico mensual	Tipo	Prov.	Grupo	Corpo/escala	Titulación académica	Quenda	Campus	Form. espec.	Observacións
337	564	Administrador			25	736,73 €	S	C	A1, A2, C1				C		

IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

CONSELLERÍA DE FACENDA

Resolución do 3 de xuño de 2010, do tribunal designado para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, nomeado mediante a Orde do 1 de setembro de 2009.

En sesión que tivo lugar o día 3 de xuño de 2010, o tribunal nomeado pola Orde da Consellería de Facenda do 1 de setembro de 2009 para cualificar o proceso selectivo para o ingreso no corpo auxiliar da Xunta de Galicia, subgrupo C2, convocado pola Orde do 4 de xullo de 2008 (DOG nº 130, do 7

de xullo), e de conformidade co establecido na dita orde,

ACORDOU:

Primeiro.-Declarar a todos/as os/as aspirantes exentos da realización do terceiro exercicio por ter presentado a documentación xustificativa sinalada na base II.1.1.3 da convocatoria.

Segundo.-Contra esta resolución os interesados poderán interpoñer recurso de alzada ante a conselleira de Facenda, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, conforme o disposto no artigo 114 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 3 de xuño de 2010.

Elena Barca Ramos
Presidenta do Tribunal